

Código

de boa conducta ambiental en eventos deportivos e actividades no medio natural

Coidado dos espazos naturais

O medio natural é o mellor espazo para a practica deportiva, e debemos procurar que poida seguir a selo.

- Non botes residuos e cabichas ao chan.
- Respecta as zonas verdes, as lagoas, a vexetación e a fauna no caso de eventos celebrados no medio natural.
- Respecta os camiños e as sendas naturais.
- Evita levar elementos do medio natural, como flores, plantas, pedras etc.
- Respecta o patrimonio etnográfico e arqueolóxico.
- Atravesa os cursos de auga polos lugares habilitados.
- Recoméndase a utilización de prismáticos para observar a fauna.
- Respecta as fincas de titularidade privada, en especial as zonas de cultivo.

Máis persoas, menos consumos e menos residuos

O mellor xeito de reducir o consumo de recursos e xeración de residuos dun evento deportivo é co esforzo de todas as persoas participantes.

- Evita xerar residuos e deposita os que produzas nos colectores adecuados.
- Reduce o consumo de auga e enerxía nos baños e nos vestuarios das instalacións deportivas, e evita botar papel e outros residuos no inodoro.
- Se es participante dunha actividade, utiliza preferentemente a auga embotellada para hidratarte e a dos baños para refrescarte.
- Reutiliza o material subministrado pola organización do evento ou devólveo se non lle vas dar uso.
- Infórmate e realiza a inscrición mediante medios dixitais (páxina web e correo electrónico) sempre que sexa posible.

Transporte sostible

O 90% das emisións de eventos deportivos proveñen dos desprazamentos de participantes e espectadores/as.

- Para desprazarte ao evento ou á actividade utiliza o transporte público ou, no caso de utilizar o transporte privado, podes compartilo con outros/as asistentes.
- Respecta as zonas cortadas ao tráfico e utiliza as zonas de aparcamento habilitadas.

Servizo de Deportes

Edificio de Deportes
Campus Universitario
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 182
Fax 986 814 061

deportes.uvigo.es
deportes@uvigo.es